


CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

26-27 de xaneiro do 2019

III DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INXUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*
SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Neste terceiro domingo o evanxeo nos mostra a Xesús coma un xudeu que cumpre coa súa fe, lendo a Escritura na sinagoga e dándolle sentido: “Hoxe cúmprese esta Escritura”.

A Palavra de Deus que escoitamos cada vez que participamos na liturxia é para poñer en práctica, é para que se cumpra nas nosas vidas. Non podemos quedarnos soamente na escoita de palabras bonitas, senón que temos que pola en práctica na nosa vida.

Poderemos ser verdadeiramente cristiáns cando a Palavra de Deus penetre no noso corazón e sexamos capaces de facela vida nas circunstancias persoais de cada un.

Deixemos que as nosas obras mostren a acción da Palavra de Deus aos que comparten connosco a vida de cada día.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: Os proxectos de Deus nos desbordan; a nosa vida non sempre está á altura do que El quere. É por iso polo que queremos comezar pedindo a súa misericordia.

Monitor/a

- ✓ Porque entupimos os corazóns cando a túa palabra nos resulta dura e esixente.

SEÑOR, TEN PIEDADE DE NÓS.

- ✓ Porque non proclamamos contigo a salvación de todos.

CRISTO, TEN PIEDADE DE NÓS.

- ✓ Porque non nos sentimos urxidos a atender aos que hoxe viven necesitados de Boa Nova e de signos de Liberación.

SEÑOR, TEN PIEDADE DE NÓS.

Celebrante: Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, de todos os que sofren e están desesperados. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; damos grazas polas persoas que están atentas e preocupadas polos demais.

(silenzio)

Deus todopoderoso e eterno,
dirixe a nosa vida conforme ao teu amor,
para que, no nome do teu Fillo,
poidamos dar froito abundante de boas obras.
Pedímoscho por Cristo, que vive e reina
por sempre eternamente.

Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: Escoitamos primeiro o momento en que Nehemías coa lectura da Lei fai que o pobo descubra a vontade de Deus. Logo, no evanxeo, vemos a Xesús participar na Celebración na sinagoga do seu pobo. Con estas lecturas aprendamos a descubrir como Deus segue actuando hoxe no medio de nós por medio da súa Palabra. Sexamos capaces de aceptala e vivila.

No Leccionario I – C páxina 174

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA NEHEMÍAS

♪ n° 42 *Quen nos vai separar de ti.*

SALMO

(en pé) No Leccionario I – C páxina 177

EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO

SEGUNDO LUCAS

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Profesar a fe non é repetir unhas palabras bonitas ou cantalas. É asentir con toda a vida que acreditamos no que Deus nos manifesta na persoa de Cristo. Dicimos:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai, que fixo unha Alianza con Israel, que está disposto a renovala con nós en cada tempo e lugar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, a Palabra definitiva do Pai, o enviado para anunciar o tempo da graza e da Salvación?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo, que nos axuda coma mestre no noso interior para descubrir a vontade de Deus para a nosa vida?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa, a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer nosa a misión e a vida de Xesús, e que con El nos sabemos chamados a dar resposta aos refuxiados e a todos os que sofren?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Marcados co selo de Xesús no bautismo, invoquemos ao Pai, orando con toda a Igrexa. Dicimos:*

GÁRDANOS NA TÚA PAZ

Monitor/a

1. Pola Igrexa Católica e as demais Igrexas Cristiás, para que a procura do rostro de Deus nos consiga o don da unidade, superando o que nos separa. Recemos xuntos.

2. Polos pobos e os refuxiados que sofren violencia, terrorismo, pobreza e asoballamento, para que poidan escoitar a Boa Nova da Salvación. Recemos xuntos.

3. Polos que camiñan na vida sementando boa nova, anunciando liberación, proclamando a liberdade, para que sintan o gozo de estar asociados á misión de Cristo. Recemos xuntos.

4. Polas nosas comunidades, para que abramos os ollos ao actuar de Deus HOXE, e comuniquemos ao mundo o gozo inmenso da fe. Recemos xuntos.

Celebrante: *Señor, sabemos que Ti sempre nos escoitas. Danos o valor de facer nosa a túa misión, danos a coraxe de tomar partido polos refuxiados que viven sen sentir que hai unha Boa Nova tamén para eles. Por Xesucristo, noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Dicar “fágase a túa vontade” cobra máis sentido neste día no que descubrimos que “hoxe” é tempo de Deus, que “hoxe” se cumpre a súa Palabra. Rezámolos como Xesús nos aprendeu
NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante Cristo foi enviado para proclamar o “tempo da graza”, un novo tempo, unha nova oportunidade. O noso xesto de paz en cada celebración compartida anuncia o mesmo. Que non nos canse dar unha man, que non nos encha de desconfianza a man que os demais nos dan.

CANTO 🎵 n° 38 *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: O pan que comulgamos é expresión da unidade, da perfecta comunión. Lembremos que os que cremos en Xesús, temos que ser fermento da unidade. Comulgar é unha responsabilidade.

Ditosos nós, convidados hoxe arredor desta mesa para saborear este pan do Señor.

CANTO n° 55 *No colo da miña nai.*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Señor,
ti alimentáchesnos co pan da Palabra
e co pan da vida,
fai que sintamos sempre a alegría
de participar dos teus dons.
Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós
por sempre eternamente.
Amén.

A Palabra de Deus é espírito e vida.

Cada vez que a escoitamos é preciso saber o que o Señor nos quiere comunicar nela para poder facela nosa.

Soamente así tamén nós poderemos ser espírito e vida para os outros, os que precisan de nós.

Avísase das misas (ver folla do mes) .

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén*